

RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DO CPI CASTRO BAXOI (CURSO 2021/22)

Prezadas/os integrantes da comunidade escolar do CPI Castro Baxoi:

Segundo a Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29/09/2021), debemos comezar o proceso para a renovación parcial deste órgano Colexado do noso centro.

Facilitamos unha primeira información para coñecer o obxectivo que se pretende acadar durante este período.

A composición do Consello Escolar no noso centro é a seguinte:

- Dirección
- Xefaturas de Estudos
- Secretaría
- 6 docentes
- 3 representantes dos/as responsables legais do alumnado (un/unha deles/as é representante da ANPA)
- 3 integrantes do alumnado
- 1 representante do persoal de administración e servizos
- 1 representante do Concello de Miño

Durante este curso, corresponde renovar os seguintes postos:


- 3 docentes
- 1 representante dos/as responsables legais do alumnado
- 1 representante do alumnado
- 1 representante do persoal de administración e servizos

Aínda que estes serían os postos a cubrir, dado que hai unha única representante de responsables de familias ademais do representante da ANPA, entraría outra persoa representado ás familias ata a seguinte renovación parcial para cubrir a vacante que hai.

O alumnado que pode participar neste proceso é o de Educación Secundaria Obrigatoria.

Pola outra banda, os nomeamentos das persoas que sexan elixidas neste proceso será por un período de tres anos pois a renovación actual correspóndese coa do curso 2020/21.

Para levar a cabo o noso obxectivo, o primeiro paso será a constitución da Xunta Electoral que farémola o vindeiro xoves 4 de novembro ás 11:15. Esta Xunta Electoral estará composta pola Dirección do centro educativo, unha persoa representante do profesorado, unha persoa representante de responsables do alumnado, unha persoa representante do persoal de administración e servizos e unha persoa representante do alumnado. Todos os postos, agás a Dirección, precisan dunha persoa suplente. A determinación das persoas que integrarán a Xunta Electoral realizarase mediante **sorteo público** que terá lugar o vindeiro día 2 de novembro ás 11:15 na aula de desdobre sita na antiga aula de usos



múltiples do noso centro educativo. A este sorteo público poden acudir todos/as aqueles/as interesados/as. Polo tanto, as persoas que saian elixidas no sorteo do vindeiro martes, recibirán a convocatoria para a composición da Xunta Electoral o día 4 do mes de novembro.

As funcións desta Xunta Electoral serán:

- Aprobación do calendario de actuacións.
- Publicación dos censos correspondentes.
- Elaboración dos escritos para a solicitude ao Concello e á ANPA do nomeamento das persoas representantes.
- Proclamación das candidaturas.
- Aprobación dos censos electorais.
- Elaboración das papeletas para cada unha das votacións.
- Sorteos das mesas electorais.
- Comunicación dos resultados das eleccións á Xefatura Territorial.

Animamos a todas as persoas que integran a nosa comunidade educativa á participación neste proceso tanto na presentación de candidaturas como á emisión dos votos correspondentes.

A partir deste momento, será a Xunta Electoral a que tome as decisións correspondentes a este proceso e serán comunicadas a través da aplicación abalarMóbil coma na nosa web, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/>

En Miño, a 28 de outubro de 2021
A Dirección